

Comentarios publicados no [blog da Biblioteca](#) do ies Sánchez Cantón no curso 07-08

1. Pareceume un libro moi bo, sobre todo polo contido que ten. A xente que o lea gustaralle porque é moi bonito, ensínache moitas cousas e demostrache que trates ben a xente, aínda que sexan madrastas. Pido a toda e xente que lle guste ler que o lea. **(Marta)**

2. O libro gustoume moito. Demostra que case sempre as madrastas son boas, non é como nos debuxos. Eu, cheguei a pensar que Berta era malvada. En definitiva, é un libro moi bonito. **(Gonzalo)**

3. Este libro gustoume moito posto que demostra que ás persoas non hai que xulgalas antes de coñecelas moi ben. Recomendoo a calquera neno, ata aos que non lles gusta ler. **(Ramón)**

4. O libro ten como protagonista a unha nena chamada Elia que está vivindo unha situación que non acepta e que nos fai percibir o mal que se atopa. Non ve ben que o seu pai queira casar cunha muller, chamada Berta, despois da morte da súa nai. Sente que Berta é unha intrusa na súa familia. Ao mesmo tempo non se sente comprendida nin polo seu irmán maior, que "pasa" de opoñerse, nin polo seu irmán pequeno que está "comprado" polos agasallos que lle trae. A situación de desagrado de Elia, lévaa a facer cousas que non imaxinaría en condicións normais, como o de ... Ao final Berta ... O libro reflictea ben o que pode ser unha situación de desagrado que afecta á vida persoal. **(María)**

5. Pareceume un libro interesante, aínda que ao principio é un pouco triste. Penso que Elia se comporta de maneira inxusta coa súa madrasta, aínda que quere que o seu pai sexa feliz. Recomendoo porque me parece que quen o lea, aprenderá a non xulgar á xente sen saber como é. **(Lois)**

6. A min gustoume o libro porque é interesante e ten un ?? final e tamén me gustou porque relata que unha nena da nosa idade vive unha traxedia coa morte da súa nai, pero ao final... RECOMÉNDOO, LÉDEO QUE É MOI INTERESANTE. **(Santiago)**

7. ¡¡Ola!! Esta vez quérovos falar do libro "¡Prohibido casar, papá!". É un libro moi bonito e gustoume moito, porque trata un tema que é cotiá para bastantes persoas, hoxe en día: a separación dos pais, ou a morte dun deles. O meu personaxe preferido é Roberto, o irmán maior de Elia, porque me parece que é o máis razoable; moito máis que a propia Elia, porque esta non razoa e é algo egoísta no aspecto do seu pai e a súa noiva. Aínda que está a vivir unha situación moi difícil podería ser un pouco máis comprensiva. Recomendolle este libro ás persoas que lles guste ler. **(Marta)**

8. Este conto, que transcorre nun breve período de tempo na habitación dun sanatorio, fala das reflexións de Elia sobre a nova relación do seu pai, viúvo hai poucos anos. Elia teme que a chegada dese novo personaxe á súa familia lle roube o cariño e a atención do seu pai. Pero ó final Berta... a ela cando era pequena pasoulle o mesmo. Tamén recorda o seu pasado, á súa nai coa que viviu moi unida, e o esforzo polo que tiveron que pasar para reorganizar a vida familiar despois da súa morte. Por todo isto vive nun mar de tristeza pero consegue darse de conta de que ... Neste libro é de destacar a utilización de adxectivos, uns despectivos de Elia cara Berta que ás veces eran moi insultantes como "bruxa" ou "mostra"; e outros apelativos cariñosos que dirixe o pai a Elia como "parruliña" ou "pataquiña". Resulta gracioso a forma de falar de Xián, o irmán pequeno de Elia, porque ao non saber utilizar nin o "c" nin o "s" polo que o substitúe polo "z". Para finalizar comentar que é un relato entretido e de interese. **(Pablo)**

9. Desde que comecei a ler este libro pareceume interesante, incluso houbo unha parte que ata me esvarou unha bágoa, recoñézoo; pero tamén lin partes moi graciosas e amenas: cando a profesora a puxo en ridículo os rapaces sobre as compresas. Lédeo!! **(Paula)**

10. Este libro gustoume moito porque está baseado en feitos reais, Elia, a protagonista fai un repaso desde o sanatorio da súa vida, enlazando o presente co pasado, ela odia a Berta, a noiva do seu pai, pensa que quere enredalo e roubarlo, para ela o seu pai é un superheroe, e non está disposta a compartilo con ninguén, pero realmente non pensa nel. A personaxe que máis me gustou foi o irmán pequeno Xián, porque me facía moita graza. Tamén o irmán maior de Elia, Roberto "o africano" que era un pouco pasota, e en canto había algún problema, sempre buscaba a maneira de zafarse. Saúdos. **(Jacobo)**

11. Hoxe terminei o libro! Gustoume pero é triste porque morre ... Non debemos nunca falar mal de ninguén antes de coñecela, porque Berta que parecía unha madrasta bruxa resultou ... **(Jaime)**

12. O libro gustoume moito. O malo é que ten poucos debuxos, a min gústame que teñan debuxos porque así enténdoo mellor. Ao principio non me gustou, pensei que era un libro para rapaces pequenos, pero ao final encantoume.

13. Este libro foi moi triste, por iso me gustou, aínda que eu diría, sen ofender, que a escritora non sabía como encher os ocós do libro e por iso non paraba de criticar a Berta, pasábase tres pobos. (**Laura**)

14. O libro é moi bonito, pero á vez é moi triste, deume moita pena o que ten que pasar Elia despois da morte, pero tampouco é para tratar así a Berta. Ben, en resumidas contas, gustoume bastante (**Sara**)